



Ilustrando contos
de Emilia Pardo Bazán
CERTAME



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Ilustrando contos de Emilia Pardo Bazán

Co obxectivo de promover o coñecemento da figura e da obra de Emilia Pardo Bazán entre o alumnado de secundaria e estimular ao mesmo tempo a sensibilidade artística e o traballo en equipo, convócase o certame ILUSTRANDO CONTOS DE EMILIA PARDO BAZÁN.

BASES

Participación

1. O certame está dirixido a equipos formados por alumnado de 4º da Educación Secundaria Obrigatoria dun mesmo centro escolar baixo a supervisión de docente/s do mesmo. Cada equipo deberá estar composto como mínimo por tres alumnos/as.
2. Cada equipo participante presentará 6 ilustracións orixinais e inéditas realizadas polo alumnado que o integre e inspiradas no conto de Emilia Pardo Bazán “Vampiro”. Unha das ilustracións deberá ser un retrato da escritora.
3. As ilustracións enviaranse ao correo electrónico casamuseoepb@academia.gal de acordo coas seguintes indicacións:

No asunto figurará ILUSTRANDO CONTOS DE EMILIA PARDO BAZÁN e incluírá dous documentos que en total non poderán superar os 10 MB.

- **Documento A.** Nomearase **Ilustracións + Pseudónimo** e conterá as ilustracións en formato .jpg, con independencia de que, de resultaren premiadas, poidan ser solicitadas noutro formato que garanta a debida calidade para a súa posterior reprodución.
 - **Documento B.** Nomearase **Permisos + Pseudónimo** e conterá os permisos dos anexos I e II, debidamente cubertos pola dirección do centro educativo e os responsables legais do alumnado menor de idade participante.
4. Cada envío incluírá exclusivamente os traballos e os permisos dun único equipo, aínda que un mesmo centro educativo participe con traballos de dous ou máis grupos de alumnos/as.
 5. O prazo para a presentación de ilustracións abrirase o día 30 de xaneiro e pecharase o 30 de abril de 2020.

Premio

O premio consistirá na edición do conto “Vampiro” que incorporará as ilustracións gañadoras e na que constarán os nomes de todos os autores e autoras e o do centro educativo ao que pertencen. A edición impresa será de 300 exemplares, dos que 150



Ilustrando contos
de Emilia Pardo Bazán
CERTAME



REAL
ACADEMIA
GALEGA

corresponderán ao centro educativo que resulte gañador.

6. A entrega do galardón terá lugar na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán no mes de maio.
7. O traballo premiado non poderá ser presentado a outros concursos.

Xurado

8. O xurado estará formado por tres persoas designadas pola Real Academia Galega e a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. A súa decisión será inapelable e poderá declarar deserto o certame.
9. A resolución do xurado difundirase nas webs da Real Academia Galega (academia.gal e casamuseoemiliapardobazan.org).

Dereitos de difusión

10. Coa participación no certame, os/as autores/as autorizan a organización, sen ningunha contraprestación e de maneira expresa, a reproducir (total ou parcialmente), comunicar publicamente (total ou parcialmente) e distribuír (total ou parcialmente) as súas ilustracións en calquera forma ou soporte, para todo o mundo e no prazo que permita a lexislación vixente. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.



Ilustrando contos
de Emilia Pardo Bazán



REAL
ACADEMIA
GALEGA

CERTAME

Anexo I. Solicitud de centro educativo

Eu.....

Como director/a do centro escolar.....

Con enderezo postal.....

Correo electrónico.....

E teléfono.....

Solicito a participación no certame ILUSTRANDO CONTOS DE EMILIA
PARDO BAZÁN, co grupo de 4º da ESO que a continuación indico

Baixo a coordinación de

Data e lugar. Selo do centro.

Asdo:

En cumprimento do previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, os datos das persoas participantes no certame ILUSTRANDO CONTOS DE EMILIA PARDO BAZÁN serán incorporados a un ficheiro responsabilidade da Real Academia Galega, coa única finalidade de xestionar os premios desta promoción e de contactar coas persoas gañadoras para enviarlles os premios. En ningún momento se empregará esta información para posteriores promocións.

Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico secretaria@academia.gal.

A organización comprométese a tratar en todo momento os datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.



Ilustrando contos
de Emilia Pardo Bazán
CERTAME



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Anexo II. Permiso do/a pai/nai/titor/a

AUTORIZACIÓN

Eu.....

.....,

con DNI nº

como pai/nai/titor/titora, autorizo a:

.....,

a participar no certame *Ilustrando Contos de Emilia Pardo Bazán*.

Data e lugar:

Asdo.:

En cumprimento do previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, os datos das persoas participantes no certame ILUSTRANDO CONTOS DE EMILIA PARDO BAZÁN serán incorporados a un ficheiro responsabilidade da Real Academia Galega, coa única finalidade de xestionar os premios desta promoción e de contactar coas persoas gañadoras para enviarlles os premios. En ningún momento se empregará esta información para posteriores promocións.

Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico secretaria@academia.gal.

A organización comprométese a tratar en todo momento os datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.